

NOTA DE PRENSA

A atención a persoas transexuais centra a vindeira acción formativa do Colexio Oficial de Psicoloxía

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2016 - Os días 22 e 23 de abril o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia organiza na súa sede en Santiago de Compostela o curso “Achegas á transexualidade desde un modelo sexolóxico. Ferramentas para a atención ás persoas transexuais” impartido por José Ramón Landarroitajuregi Garai, psicólogo, sexólogo, escritor e recoñecido experto no tema.

A transexualidade, en concreto a transexualidade infantil, é un tema emerxente. Os medios de comunicación fanse eco de casuísticas nas que rapaces e rapazas non se identifican co sexo asignado ao nacer e que buscan axuda de profesionais sanitarios (psicólogos/as, psiquiatras, endócrinos/as) para que lles orienten e poder facer o tránsito ao sexo sentido. O apoio psicolóxico ao/á menor transexual e sobre todo aos seus familiares é fundamental ao longo do tránsito para que poidan manexar as diferentes situacións que lles van xurdindo, e que poden ser potentes estresores.

O obxectivo deste curso é que o colectivo de profesionais asistentes ao mesmo aprendan unha abordaxe da transexualidade desde a perspectiva da sexoloxía substantiva. Para iso o docente realizará un repaso polas nocións sexolóxicas básicas, explicará o fenómeno transexual e a súa intervención e presentará algunhas historias de vida extraídas da súa práctica profesional.

O psicólogo José Ramón Landarroitajuregi Garai fundou en 1992 o Centro de Atención á Parella Biko Arloak, un servizo dedicado fundamentalmente á intervención educativa e terapéutica nas áreas de sexualidade, parella e familia, sendo as súas áreas principais de intervención: terapia sexual, Terapia de parella, consello matrimonial, mediación en separación, atención a adolescentes no tránsito á vida adulta, atención sexolóxica a persoas con discapacidade psíquica, atención a persoas transexuais (así como aos seus familiares), atención a vítimas de violencia sexual e violencia de xénero e atención a menores infractores. En 2012 fundou o Instituto de Sexoloxía Substantiva (ISESUS) que desde o 2013 en convenio coa Universidade Europea Miguel Cervantes, ofrece o Máster de Sexoloxía Substantiva en Valladolid.

Saúdos,

Se desexan solicitar **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns: 981 534 049 / 699 908 968 / comunicacion@copgalicia.gal